

TROTE

[Xacio Baño, 2018]

464

ESTREA EN NUMAX: 14.12.2018 | V.O. | +12

Trote (2018, 87')

Dirección: Xacio Baño

Guión: Xacio Baño, Diego Ameixeiras

Elenco: María Vázquez, Celso Bugallo, Diego Anido, Tamara Canosa

Son: Julius Grigelionis, Vytis Purnas

Montaxe: Xacio Baño, Álvaro Gago Díaz

Fotografía: Lucía C. Pan

Produtoras: Frida Films, Ciobreliai (España, Lituania)

Distribuidora: Atera Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Galego

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2018 (Cineasti del Presente),
Donostia 2018 (Zabaltegui)

FILMOGRAFÍA

Eco, 2015 [curtametraxe]

Ser e voltar, 2014 [curtametraxe]

Anacos, 2012 [curtametraxe]

Estereoscopia, 2011 [curtametraxe]

SINOPSE

Filla de, irmá de..., Carme vive nunha aldea das montañas do interior de Galicia xunto ao seu pai Ramón, co que apenas se comunica, e a súa nai enferma. Traballa nunha panadería e necesita escapar dese ambiente opresivo, pero as circunstancias sempre lle impediron dar o paso. Trotar. Fuxir.

«Ópera prima dun abraiante dominio cinematográfico. Xacio Baño é un dos xinetes do cinema actual que cabalga máis rápido e, sen lugar a dúbidas, dos que ha chegar moi lonxe»

Carlos Loureda, FOTOGRAMAS



“Precisaba facer unha viaxe cara ao instinto”

Entrevista con Xacio Baño

Por Manu Yáñez

En Trote vense elementos das túas curtametraxes, como o estudo da perda ou a exploración do espazo doméstico, mais detéctase unha vontade de abordar novos territorios, en participar dunha sorte de cinema epidérmico, aferrado á superficie das peles e os materiais. Un proído. W.H. Auden dicía que o ser humano, ademais do alimento e o sono profundo, precisa fuxir. Creativamente, tiña a necesidade de fuxir do que fixera até o momento no tratamento da imaxe e na concepción do relato que vertebra a historia. Quería, ademais, nunha sorte de actividade fílmico-cinexética, capturar o cabalo e falar da relación que temos co animal interno. Falar dese proído. Por aí xurdiu a rapa das bestas como marco para falar dese conflito que debemos manexar. Precisaba facer unha viaxe cara ao instinto.

Até que punto ese traballo arredor da superficie dos materiais (as feridas da protagonista, o pelo dos cabalos, a masa de pan, o mármore) foi preconcebido)? Foi a de Trote unha rodaxe moi planificada ou houbo lugar para os descubrimentos? A película parte da premisa de tratar as persoas

como animais. Os corpos como elementos finitos, que nos pechan. O noso mundo dura e abrangue o que podemos ver e sentir. Non existe nada máis que o que está ao alcance dos dedos. O tratamento das peles animais e humanas, en detalle, ten a finalidade de abstraerse da figura completa, reducirnos ao detalle e así igualarnos na pirámide trófica. Cando máis preto se ve un organismo vivo, menos diferenza hai entre especies.

Existe un guiión clásico. Estructurado. Se te decatas hai tres negros que parten o filme en catro. Cada sección é un dos movementos do trote dun cabalo. Interesábame que a posta en escena inicial fose máis próxima ao teatral, ao cinema-encadre, para logo ila esnaquizando e chegar a un cinema físico, onde actores, actrices e cámara puidesen falar desde o corpo.

Nese posíbel choque entre un cinema doméstico e outro máis físico e salvaxe percíbese a estela de dous grandes autores: por un lado Yasujiro Ozu e a súa capacidade para invocar o misterio dos espazos interiores; polo outro Claire Denis e o seu cinema candente, en fuga, áspero e visceral. Encántanme os referentes porque si: hai algo desa loita entre dous mundos no filme. O conflito razón/control vs. animal/instinto levado á arquitectura. Dentro de casa vs. fóra da casa. Doméstico vs. salvaxe.

No filme pareceume atopar un estudo da violencia (ás veces soterrada, ás veces evidente) que pode desatarse nas interrelacións familiares, ou afectivas en xeral. De feito, Trote parece debuxar

un crescendo cara á emerxencia dunha violencia física, tamén sexual.

A violencia, a ira, a necesidade de fuxir e pasar por riba de todo e de todos para coller aire. Dar couces contra o cabeceiro da cama. Diego Ameixeiras, o coguionista, e máis eu, tentamos facer aflorar esa parte animal ao final da película. Un non pode negar o que é. Cando o negamos acaban aparecendo traumas, desequilibrios... O filme é unha invitación a mirarnos a nós mesmos como animais. Esa é unha das razóns polas que evitamos os ollos dos animais en todo o filme. John Berger, no seu ensaio *¿Por qué miramos a los animales?* dicía que cando un animal nos devolve a mirada somos conscientes da nosa propia existencia. Do que somos en realidade. O filme vai de non esquecer iso, de telo ben presente para manexalo internamente e que non rache. Se o corpo che pide fuxir, foxe.

O escenario ten un peso crucial en Trote: unha Galicia rural na que perviven vellas tradicións e rituais. O filme captura a beleza das paisaxes pero o lugar tamén está bañado dunha certa asfixia existencial. O patriarcado está por aí agochado e é parte desa angustia e asfixia. Ademais, están os roles de xénero. Tanto para a muller como para o home. Que se agarde delas: que miren cara a abaixo, que se poñan a disposición de, que coiden? E que se agarda de nós: que sexamos valentes e deamos os nosos corpos para defender un país, que vaíamos conquistar novos mundos?

Publicado en [/www.otroscineseuropa.com](http://www.otroscineseuropa.com)
Traducido por: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Mirar, John Berger. Gustavo Gili, 2001

A crueldade de abril, Diego Ameixeiras

Xerais, 2018

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faite NUMAX!
Abónate agora e ven sempre por